

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

13705 *Real decreto 1089/2010, do 3 de setembro, polo que se modifica a normativa reguladora en materia de explotacións porcinas extensivas.*

O Real decreto 1221/2009, do 17 de xullo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo e polo que se modifica o Real decreto 1547/2004, do 25 de xuño, polo que se establecen as normas de ordenación das explotacións cunícolas, configurou un novo marco legal para as explotacións porcinas extensivas, de acordo coas exixencias derivadas de distintas disposicións nacionais, así como da normativa comunitaria sobre benestar animal, hixiene e sanidade pecuaria, e protección do ambiente. Desta forma, estableceu unhas condicións mínimas dirixidas a minimizar os riscos de tipo sanitario e ambiental que este tipo de explotacións pode comportar.

No texto do Real decreto 1221/2009, do 17 de xullo, identificáronse certos erros e omisións, que deben ser emendados para o correcto desenvolvemento da actividade gandeira. En consecuencia, esta modificación permitirá corrixir o erro detectado en relación cos límites de capacidade establecidos para cada un dos grupos en que se clasifican as explotacións porcinas extensivas. Así mesmo, permitirá emendar a omisión da equivalencia en UGM dos porcos de 20 a 50 kg, e a omisión da posibilidade de transportar os animais de refugo dunha explotación xunto con animais de ceba da mesma explotación, con destino ao matadoiro.

Dado o marcado carácter técnico desta norma, considérase apropiada a súa adopción mediante real decreto.

Na tramitación deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de setembro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1221/2009, do 17 de xullo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo e polo que se modifica o Real decreto 1547/2004, do 25 de xuño, polo que se establecen as normas de ordenación das explotacións cunícolas.*

O Real decreto 1221/2009, do 17 de xullo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo e polo que se modifica o Real decreto 1547/2004, do 25 de xuño, polo que se establecen as normas de ordenación das explotacións cunícolas, modifícase do seguinte modo:

Un. O número 2 do artigo 3 queda redactado como segue:

«2. Clasificación pola súa capacidade produtiva: as explotacións porcinas extensivas clasifícanse en función da súa capacidade produtiva, expresada en UGM, de acordo coas equivalencias establecidas para cada tipo de gando no artigo 4.1.a).1.º, da seguinte forma:

a) Grupo primeiro: explotacións cunha capacidade de ata 120 UGM, dedicando como máximo 37 UGM aos reprodutores.

b) Grupo segundo: explotacións cunha capacidade de máis de 120 UGM e ata 360 UGM, dedicando como máximo 112 UGM aos reprodutores.

c) Grupo terceiro: explotacións cunha capacidade de máis de 360 UGM e ata 720 UGM, dedicando como máximo 225 UGM aos reprodutores.

As comunidades autónomas poderán modular as capacidades máximas previstas na letra c), en función das características das zonas en que se localicen as explotacións, das circunstancias produtivas ou doutras condicións que poida determinar o órgano competente daquelas, sen que en ningún caso poida aumentar a citada capacidade para a súa aplicación á ceba en máis dun 20 por cento.»

Dous. O artigo 4 modifícase do seguinte modo: o ordinal 1.º da letra a) do seu número 1 e o ordinal 4.º da letra e) do seu número 1 quedan redactados como segue:

«1.º A carga gandeira das explotacións porcinas extensivas non superará o límite establecido para cada explotación no Rexistro de Explotacións previsto no artigo 7, e non superará a densidade de 15 porcos de ceba/hectárea (2,4 UGM/ha), ou o seu equivalente de acordo coa seguinte táboa:

- 1.º¹ Porca con leitóns de ata 23 kg: 0,30 UGM.
- 1.º² Porca de reposición: 0,14 UGM.
- 1.º³ Porco de 20 a 50 kg: 0,10 UGM.
- 1.º⁴ Porco de máis de 50 kg: 0,16 UGM.
- 1.º⁵ Verrón: 0,30 UGM.

Poderanse manter animais de distintas categorías, sempre de acordo coas equivalencias descritas neste número, e dentro das densidades máximas establecidas.»

«4.º Con carácter xeral e salvo excepcións debidamente xustificadas e autorizadas, só se permitirá o movemento de animais de refugo con destino a centros de agrupamento de reprodutores para refugo ou directamente a matadoiro. En calquera caso, os camións deberán ir correctamente lavados e desinfectados e impediranse cargas compartidas con outras categorías de porcino, excepto cando no medio de transporte só se transporten os animais de refugo xunto a animais de ceba da mesma explotación, con destino a matadoiro.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten o carácter de normativa básica estatal, e dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.ª da Constitución, polo que se lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, excepto no correspondente á modificación do ordinal 1.º da letra a) do número 1 do artigo 4, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.23.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva na lexislación básica sobre protección do ambiente, e a modificación do ordinal 4.º da letra e) do número 1 do artigo 4, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases e a coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de setembro de 2010.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
e Medio Rural e Mariño,
ELENA ESPINOSA MANGANA